



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Expte. Nº: 2017000055Sv
Asunto: Bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio (ano 2017)

Aprobación: Sesión plenaria de data 29 de marzo de 2017

BASES ESPECIFICAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNES PARA ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PRÁCTICA DO DEPORTE NO MUNICIPIO (ANO 2017)

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan o fomento da práctica do deporte no ano 2017, estarán suxeitas á Ordenanza Xeral de Subvencións sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP de 22/07/2005), á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 1 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/2016.

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

As presentes bases teñen por obxecto de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3. APLICACIÓN ORAMENTARIA E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNES

A Contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo a partida 2017 341.48000, do Orzamento do ano 2016, actualmente prorrogado.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total do programa ou da actividade para desenvolver polo beneficiario.

4. ACTIVIDADES SUBVENIONABEIS

Os clubs e entidades deportivas poderán solicitar subvencións ao abeiro das seguintes modalidades:

4.1. Fomento do Deporte

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade aqueles clubs, entidades deportivas ou asociacións sen ánimo de lucro, que estean federados e que participen en competicións deportivas oficiais.

Nesta modalidade serán gastos subvencionables os seguintes:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- *Licenzas federativas.*
- *Equipamento deportivo, entendemento como tal exclusivamente o vestiario.*
- *Arbitraxes.*

4.2 Realización de actividades deportivas

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade as asociación, clubs deportivas ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que organicen eventos e actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas formativas, etc.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso serán subvencionables:

- *os intereses debedores das contas bancarias*
- *intereses, recargos e sancións administrativas e penais*
- *os gastos de procedementos xudiciais*

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

5. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva seguindo a seguinte orde entre as solicitudes admitidas, até que se esgote a partida orzamentaria:

5.1. Para a modalidade de Fomento do Deporte

- *Un mínimo de 200 euros por cada club federado.*
- *15 euros por cada veciño ou veciña de Nigrán con ficha licenza federativa que non se encadre non apartado seguinte.*
- *20 euros por cada veciño ou veciña de Nigrán con licenza federativa en categorías do deporte base, entendendo este como os categorías de xuvenís ou menor idade.*

A cada club ou entidade deportiva que solicite subvención por esta modalidade lle será concedida a cantidade que resulte da aplicación dos criterios anteriores coas seguintes limitacións:

- *O 60% do orzamento da entidade para a participación en competicións deportivas oficiais*
- *En todo caso 1.000,00 euros.*

5.2 Para a realización de actividades deportivas

A) Todas as solicitudes de actividades serán valoradas seguindo os seguintes criterios:

- *Días de actividade. 5 puntos por cada día que dure o proxecto ou a actividade, até un máximo de 30 puntos.*
- *Antigüidade do proxecto ou da actividade. 5 puntos por ano de antigüidade, até un máximo de 30 puntos*
- *Número de persoas beneficiarias do proxecto ou actividade: 3 puntos por cada 10 persoas, até un máximo de 30 puntos.*





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- *Uso exclusivo de instalacións privadas para o desenvolvemento da actividade ou programa: 20 puntos.*
- *Emprego da lingua galega na actividade ou programa: 10 puntos*

B) Para outorgar as subvencións establécense os seguintes límites:

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.500,00 euros, a distribuír entre as actividades ou proxectos para os que presenten solicitudes para a realización de actividades deportivas previstas no punto 5.2. destas bases.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse de conformidade co previsto no artigo 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención nos modelos normalizados incluídos no anexos I a IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- *Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.*
- *Certificación Bancario co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA da entidade beneficiaria.*
- *Anexo V incorporado ás presentes bases, coas declaración que no mesmo se conteñen, formuladas polo membro da entidade ou asociación que teña competencia orgánica para elo*
- *Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada, entre os que estará para o caso das subvencións para o fomento do deporte incuirase certificado da federación na que especifique o número de persoas federadas en dito clube, por categorías ou, no seu defecto, mediante copia das fichas federativas., no que se sinalarán as persoas empadroadas en Nigrán.*

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

7. EMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

a) valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, o Concelleiro de Deportes, un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario técnico da área de Intervención, e un funcionario da área de Secretaria Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

b) A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

c) Para determinar as contías das subvencións primeiramente determinarase a contía da subvención





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

que para o Fomento do deporte outorgarase a cada entidade segundo os criterios establecidos na base 5.1 .

Co resto dispoñible da partida orzamentaria determinarase a contía da subvención para as actividades deportivas que se outorgará a cada beneficiario que será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o crédito orzamentario dispoñible.

A contía da subvención na modalidade prevista no apartado de fomento do deporte (4.1) destas bases que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se podan superar os 12.500 € entre as modalidades previstas.

d) A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de solicitantes e actividades para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

e) O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.

f) O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses desde o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.

b) Cumprir toda as estipulacións destas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.

c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos proxectos ou actividades.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización do proxecto ou actividade subvencionado.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade dos proxectos e actividades subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.

f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servirá de base para solicitar a subvención.

10. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

O Pagamento das subvencións efectuarase logo de verificarse polo concello a documentación xustificativa, de conformidade co previsto nestas bases, e mediante transferencia bancaria.

A tramitación da xustificación iníciase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa antes do 15 de novembro de 2017:

a) Solicitude de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar tódalas facturas orixinais que se presenten como xustificantes dos gastos subvencionables foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención. (Anexo VI das presentes bases).

b) Memoria detallada do proxecto ou actividade que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados, e calquera outro dato de interese, entre os que estará no caso das subvencións previstas na liña 2.1 de fomento do deporte a relación das competicións federadas nas que participe, así como o número de fichas federativas.

c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación dos gastos subvencionados:

◦ Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionados na que conste:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

número de orde na relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVE, data de pago. A tal efecto resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.

◦ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.

◦ Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)

◦ Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante, ente a que estará para o caso das subvencións da liña de gastos subvencionabeis 2.1 xustificante das fichas federativas, resaltando as persoas empadroadas en Nigrán.

Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.

De non xustificarse a totalidade do importe subvencionable do proxecto ou actividade subvencionado plantexado na solicitude, ingresarse unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiario, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma levará consigo a revogación da subvención concedida.

11. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

12. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2017, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA PROXECTOS

D/D^a..... con Dni.....

na súa calidade de

ENTIDADE/ASOCIACION.....

con NIF..... domiciliada en

Inscrita no REXISTRO DE ASOCIACIÓNS con e nº do Rexistro Municipal de Asociacións.....





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Domicilio para notificacións c/.....

Número de teléfono de contacto.....

EXPON:

Que á vista da convocatoria de subvencións relativa a

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de..... € para o proxecto do cal o coste total ascende a€, para o que se adxuntan os documentos requeridos, dando fe da veracidade dos mesmos e certificándoos.

En Nigrán, a de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

Documentos que se adxuntan

- 1..... 2.....
- 3..... 4.....

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRAN

ANEXO II

MEMORIA XERAL DA ENTIDADE

Nome:.....
 Domicilio:..... C.P.....
 Teléfono..... CIF.....
 Ano de Constitución:.....
 Nº Inscripción no Rexistro Municipal.....
 Ano de elección da Xunta Directiva.....
 Ambito de actuación.....
 Nº de socios.....
 Nº personas contratadas.....
 Nº voluntarios.....

Fins.....
Relación de programas e actividades desenvoltos durante o ano anterior

-
-
-

ORZAMENTO DE INGRESOS ANUAIS DA ENTIDADE

Cuotas de socios.....
 Xerais.....
 Financieros.....
 Subvencións recibidas ou solicitadas a Administracións Públicas

.....
.....

Outros ingresos.....

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS.....

En Nigrán, a de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

Esta copia pode verificarse en sede.nigran.org introducindo o CSV 7VS49OK43RNK2FJM





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ANEXO III

**MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCION
DENOMINACION DA CONVOCATORIA:.....**

- a) *Fundamentación do proxecto.*
- b) *Obxectivos que persegue.*
- c) *Descrición do sector de poboación ó que se dirixe.*
- d) *Número de destinatarios e idades.*
- e) *Actividade desenvolvida en galego* *SI* *NON*
- f) *Descrición e desenvolvemento de actividades.*

Descrición das actividades e coste:

Temporalización:

*Recursos humanos e materiais a utilizar.
Formas de avaliación do proxecto*

- *Resultados*
- *Impacto*

Orzamento detaiado:

INGRESOS:

- a) *Subvención solicitada ó Concello de Nigrán.....*
- b) *Subvención solicitada a outras Entidades/Administración.....*
- c) *Aportación da Entidade solicitante.....*
- d) *Aportación de usuarios.....*
- e) *Aportación de socios.....*
- f) *Aportación doutras entidades.....*
- g) *Outros.....*
- TOTAL DE INGRESOS.....**

GASTOS:

<i>Tipo</i>	<i>Concello</i>	<i>Entidade</i>	<i>Outras Admón</i>	<i>Custe Total</i>
<i>Compra material</i>				
<i>Arrendamentos</i>				
<i>Transporte</i>				
<i>Suministros</i>				
<i>Servicios Prof.</i>				
<i>Outros</i>				

TOTAL GASTOS.....

Esta copia pode verificarse en sede.nigran.org introduciendo o CSV 7VS49OK43RNK2FJM





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Orzamento total do proxecto:
Outras subvencións demandas, previstas e recibidas
Cuantía total solicitada nesta convocatoria de subvencións.....
Cuantía solicitada ou percibida doutras institucións.....

En Nigrán, a de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

ANEXO IV

DATOS DA ENTIDADE BANCARIA Á QUE SE DEBE TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Entidade titular da conta bancaria, que terá que coincidir coa Entidade solicitante da subvención.....

Banco.....

Domicilio..... c.p.....

Localidade.....Provincia.....

Código do Banco (4 díxitos).....

Código da oficina ou sucursal (4 díxitos).....

Díxito de control (2 díxitos).....

Nº de conta corrente (10 díxitos).....

En Nigrán, a de..... de 20...

(Fima e selo do solicitante)

SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN

EXERCICIO 2017
ANEXO V

ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

Esta copia pode verificarse en sede .nigran.org introduciendo o CSV 7VS49OK43RNK2FJM





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,

- Teñen carácter subvencionable
- Non teñen carácter subvencionable

3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesorería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2015/2016.

Nigrán, _____ de _____ de 2017

Asdo.

SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN EXERCICIO 2017 ANEXO VI

ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:

CIF:

ENDEREZO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para actividades deportivas no ano 2017, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

Nº Orde	Factura Nº e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	Iva	Importe

Esta copia pode verificarse en sede.nigran.org introduciendo o CSV 7VS49OK43RNNK2FJM





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

TOTAL XUSTIFICADO						

Nigrán, _____ de _____ de 2017

Asdo.

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS – CONCELLO DE NIGRÁN
EXERCICIO 2017
ANEXO VII**

ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:

CIF:

ENDEREZO:

PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 da Convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2017, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, _____ de _____ de 2017

Asdo.

